



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ACTA

| | | |
|--|---|------------|
| ÓRGANO COLEXIADO | PLENO | |
| TIPO DE SESIÓN | ORDINARIA | |
| LUGAR | SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO | |
| DATA | 27.12.2019 | |
| HORA INICIO | 14:00 H. | |
| HORA FINALIZACIÓN | 14:24 H. | |
| ASISTENTES | | |
| | CONCELLEIROS ELECTOS | DNI |
| PP | Dña. Maria Jesús Novo Gómez | 44814623C |
| | Dña. Patricia Taboada García. | 47374521H |
| | D. Manuel José Nieto Sesar. | 79332926S |
| | D. Jesús José Fernández García. | 45908046T |
| | Dña. Fátima Espiño Lojo. | 49206076Z |
| | <i>D. Javier Costoya Souto.</i> | 79329690E |
| PSOE | Dña. Sandra Sánchez Iñiguez | 79336069F |
| | ----- | ----- |
| | D. José Antonio Somoza Enjamio. | 22746836C |
| BNG | D. José Luís Rivas Cruz | 33804443D |
| | Dña. Ana María Aguión Sandá. | 78793953R |
| AUSENTES | | |
| ---- | ----- | ----- |
| SECRETARIO: D. Jorge Boado Fernández | | |
| ORDE DO DÍA: | | |
| 1.- Aprobación, si procede, da acta anterior. | | |
| 2.- Proposta aprobación inicial Ordenanza reguladora de axudas municipais de emerxencia social do Concello de Boimorto. | | |
| 3.- Proposta de resolución do expediente de investigación sobre titularidade de camiño na parroquia de Rodieiros, no lugar de Chousa e no Lugar da Rozada, nº3 (Boimorto). | | |
| 4.- Dación de conta dos decretos de alcaldía dende a última sesión ordinaria. | | |
| 5.- Rogos e preguntas. | | |

No Salón de plenos da Casa do Concello de Boimorto, sendo a hora e data indicada, reúnen, previamente convocados ao efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da LO 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 37 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26.05.2019.

Acto seguido dáse comezo a sesión e procédese ao tratamento dos puntos da orde do día:

1. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Alcaldía - Presidencia informa de que non se dispón de ningunha acta redactada para a súa aprobación e polo tanto pásase a seguinte punto da orde do día.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

2. Proposta aprobación inicial Ordenanza reguladora de axudas municipais de emerxencia social do Concello de Boimorto.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DO CONCELLO DE BOIMORTO

ASUNTO: APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE BOIMORTO.-

Visto que é preciso a actualización da ordenanza de emerxencia social do Concello de Boimorto posto que a vixente actualmente non responde as necesidades actuais do Concello.

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

- *Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia*
- *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.*
- *Decreto da Xunta de Galicia 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.*
- *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

En consecuencia, considerando o informe de Secretaría emitido en decembro de 2019 e visto que o órgano competente para a aprobación da ordenanza indicada é o Pleno do Concello de Boimorto elévase ao mesmo a seguinte...

PROPOSTA DE ACORDO:


PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a "Ordenanza reguladora de axudas municipais de emerxencia social do Concello de Boimorto" que se achega ao presente acordo como anexo.*

SEGUNDO.- *Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade ao disposto no artigo 49 b) da Lei 7/1985, de bases do réxime local, procédase a información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de 30 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.*

TERCEIRO.- *No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno da Corporación, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia.*

CUARTO.- *No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido a publicación indicada.*

QUINTO.- *Derogar a anterior "Ordenanza reguladora de axudas municipais de emerxencia social do Concello de Boimorto".*





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura a quenda de intervencións respecto do punto en cuestión.

A Concelleiro D. José Luís Rivas Cruz pregunta ¿canta contía vaise destinar a este tipo de axudas? O concello pode actuar de oficio?

A Alcaldía - Presidencia contesta que no orzamento fixarase o importe, será o habitual de todos os anos e por suposto que o Concello pode actuar de oficio cando o considere oportuno.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR:** Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; Dna. Fátima Espiño Lojo e D. Javier Costoya Souto, Dna. Sandra Sánchez Iñiguez, D. José Antonio Somoza Enjamio, D. José Luís Rivas Cruz e Dna. Ana María Aguión Sandá (10)
- **ABSTENCIÓN:** (0)
- **EN CONTRA:** (0)

“PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DO CONCELLO DE BOIMORTO

ASUNTO: APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE BOIMORTO.-

Visto que é preciso a actualización da ordenanza de emerxencia social do Concello de Boimorto posto que a vixente actualmente non responde as necesidades actuais do Concello.

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

- *Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia*
- *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.*
- *Decreto da Xunta de Galicia 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento.*
- *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

En consecuencia, considerando o informe de Secretaría emitido en decembro de 2019 e visto que o órgano competente para a aprobación da ordenanza indicada é o Pleno do Concello de Boimorto elévase ao mesmo a seguinte...

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a “Ordenanza reguladora de axudas municipais de emerxencia social do Concello de Boimorto” que se achega ao presente acordo como anexo.*

SEGUNDO.- *Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade ao disposto no artigo 49 b) da Lei 7/1985, de bases do réxime local, procedase a información pública e audiencia aos interesados*





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

durante o prazo de 30 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno da Corporación, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido a publicación indicada.

QUINTO.- Derogar a anterior "Ordenanza reguladora de axudas municipais de emerxencia social do Concello de Boimorto".

3.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE TITULARIDADE DE CAMIÑO NA PARROQUIA DE RODIEIROS, NO LUGAR DE CHOUSA E NO LUGAR DA ROZADA, Nº 3 (BOIMORTO).

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta do acordo que a continuación se transcribe literalmente:

<<PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: INVESTIGACIÓN DE TITULARIDADE DE POSIBLE CAMIÑO PÚBLICO.

| CAMIÑOS OBXECTO DO EXPEDIENTE: | | | |
|--------------------------------|---------|----------------------|---------------------------------|
| POLÍGONO | PARCELA | REF. CATASTRAL | UBICACIÓN |
| 1 | 9004 | 15010A001090040000KR | Lugar de Chousa (Boimorto) |
| 2 | 9008 | 15010A002090080000KO | Lugar da Rozada, nº3 (Boimorto) |

Considerando o seguintes antecedentes:

- Escrito presentado por Dona María José Jove Ortega, con DNI 32451240-B actuando en representación da mercantil INCIO INVERSIONES, SL (CIF B15804321) no que solicita a incoación dun expediente de investigación en relación coa titularidade dos camiños/viais identificados en Catastro como Parcela 9004 do Polígono 1 e 9008 do Polígono 2 localizados no lugar de Chousa e no lugar da Rozada, nº3 respectivamente no Concello de Boimorto.
- Informes do servizo de asistencia técnico municipal de data 17.06 e 19.12 de 2019
- Informe de Secretaría de data 19.06 e 23.12 de 2019.
- Decreto de Alcaldía de incoación do expediente con número 280/2019 e data 20 de xuño e a súa notificación ao interesado identificado.
- Publicación no BOP da Coruña núm.121 de data de 28 de xuño de 2019 dando publicidade da apertura dun período de exposición pública coa finalidade de que calquera veciño ou interesado puidera alegar ou achegar canta documentación considerara oportuna.
- Escrito presentado por Incio Inversiones sl con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto en data de 16.07.2019 e número 201999900000114 achegando a seguinte documentación:
 - Alegación
 - Escritura Pública de titularidade parcelas colindantes aos camiños obxecto de investigación.
 - Informe pericial.

En base ao exposto, e visto o expediente tramitado, os informes obrantes no mesmo, as alegacións presentadas polos interesados e os títulos de propiedade aportados como proba documental.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

En consecuencia, de conformidade co Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, consonte coa demais normativa de aplicación, elévase ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Concluir o expediente de investigación en relación coa titularidade dos camiños/viais identificados no seguinte cadro mediante a declaración dos mesmos, ante a ausencia de probas concluíntes, coma non públicos.

| CAMIÑOS OBXECTO DO EXPEDIENTE: | | | |
|--------------------------------|---------|----------------------|---------------------------------|
| POLÍGONO | PARCELA | REF. CATASTRAL | UBICACIÓN |
| 1 | 9004 | 15010A001090040000KR | Lugar de Chousa (Boimorto) |
| 2 | 9008 | 15010A002090080000KO | Lugar da Rozada, nº3 (Boimorto) |

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e a Dirección Xeral de catastro aos efectos de que proceda as actualizacións pertinentes respecto dos citados camiños. >>

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión, indica respecto dos camiños afectados polo expediente que non existen incidencias concluíntes do seu carácter demanial, en virtude da documentación obrante no expediente.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO**:

- **A FAVOR:** Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; Dna. Fátima Espiño Lojo e D. Javier Costoya Souto, Dna. Sandra Sánchez Iñiguez, D. José Antonio Somoza Enjamio, D. José Luís Rivas Cruz e Dna. Ana María Aguión Sandá (10)
- **ABSTENCIÓN:** (0)
- **EN CONTRA:** (0)

<<**PROPOSTA DE ACORDO**

ASUNTO: INVESTIGACIÓN DE TITULARIDADE DE POSIBLE CAMIÑO PÚBLICO.

| CAMIÑOS OBXECTO DO EXPEDIENTE: | | | |
|--------------------------------|---------|----------------------|---------------------------------|
| POLÍGONO | PARCELA | REF. CATASTRAL | UBICACIÓN |
| 1 | 9004 | 15010A001090040000KR | Lugar de Chousa (Boimorto) |
| 2 | 9008 | 15010A002090080000KO | Lugar da Rozada, nº3 (Boimorto) |

Considerando o seguintes antecedentes:

- Escrito presentado por Dona María José Jove Ortega, con DNI 32451240-B actuando en representación da mercantil INCIO INVERSIONES, SL (CIF B15804321) no que solicita a incoación dun expediente de investigación en relación coa titularidade dos camiños/viais identificados en Catastro como Parcela 9004 do Polígono 1 e 9008 do Polígono 2 localizados no lugar de Chousa e no lugar da Rozada, nº3 respectivamente no Concello de Boimorto.

Informes do servizo de asistencia técnico municipal de data 17.06 e 19.12 de 2019

Informe de Secretaría de data 19.06 e 23.12 de 2019.

Decreto de Alcaldía de incoación do expediente con número 280/2019 e data 20 de xuño e a súa notificación ao interesado identificado.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- *Publicación no BOP da Coruña núm.121 de data de 28 de xuño de 2019 dando publicidade da apertura dun período de exposición pública coa finalidade de que calquera veciño ou interesado puidera alegar ou achegar tanta documentación considerara oportuna.*
- *Escrito presentado por Incio Inversiones sl con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto en data de 16.07.2019 e número 20199990000114 achegando a seguinte documentación:*
 - Alegación*
 - Escritura Pública de titularidade parcelas colindantes aos camiños obxecto de investigación.*
 - Informe pericial.*

En base ao exposto, e visto o expediente tramitado, os informes obrantes no mesmo, as alegacións presentadas polos interesados e os títulos de propiedade aportados como proba documental.

En consecuencia, de conformidade co Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, consonte coa demais normativa de aplicación, elévase ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Concluir o expediente de investigación en relación coa titularidade dos camiños/viais identificados no seguinte cadro mediante a declaración dos mesmos, ante a ausencia de probas concluíntes, coma non públicos.*

| CAMIÑOS OBXECTO DO EXPEDIENTE: | | | |
|--------------------------------|---------|----------------------|---------------------------------|
| POLÍGONO | PARCELA | REF. CATASTRAL | UBICACIÓN |
| 1 | 9004 | 15010A001090040000KR | Lugar de Chousa (Boimorto) |
| 2 | 9008 | 15010A002090080000KO | Lugar da Rozada, nº3 (Boimorto) |

SEGUNDO.- *Notificar o presente acordo ao interesado e a Dirección Xeral de catastro aos efectos de que proceda as actualizacións pertinentes respecto dos citados camiños.>>*

4. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETO DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.

A Alcaldesa - Presidenta da conta dos decretos emitidos pola Alcaldía dende a número 467/2019 a 566/2019, que foron remitidos a tódolos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

O Pleno dáse por enterado.

Antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, o punto de rogos e preguntas, toma a palabra D. Jose Luis Rivas Cruz, voceiro do grupo municipal do BNG e formula unha moción de urxencia: *"Instar ao Parlamento de Galicia para que tome en consideración a emigración como drama nacional social e nacional..."*

A Presidencia do pleno, antes de proceder a súa inclusión na orde do día para proceder ao seu tratamento, somete a votación a apreciación da urxencia do asunto.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, en votación ordinaria, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR:** Dna. Sandra Sánchez Iñiguez, D. José Antonio Somoza Enjamio, D. José Luís Rivas Cruz e Dna. Ana María Aguión Sandá (4)
 - **ABSTENCIÓN:** (0)
- EN CONTRA:** Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; Dna. Fátima Espiño Lojo e D. Javier Costoya Souto (6)





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Polo tanto, vista a votación, non se aprecia a urxencia e polo tanto non se inclúe na orde do día o asunto nin se procede ao seu tratamento.

Toma a palabra D. Jose Luis Rivas Cruz, voceiro do grupo municipal do BNG, manifestando que quere que conste en acta “que neste concello non nos queda vía democrática máis que a vía das mocións e visto o resultado...nin iso... isto é unha censura absoluta.”

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Toma a palabra D. Jose Luis Rivas Cruz e intenta formular unha serie de preguntas que non cumpren os requisitos contemplados no Regulamento Orgánico municipal.



A Alcaldía - Presidencia manifesta que as preguntas teñen que formularse nos termos indicados no citado regulamento, por escrito e cunha determinada antelación...

Nese intre os concelleiros do grupo municipal do BNG e PSOE sendo as 14:23 horas abandonan o salón de plenos, concretamente Dna. Sandra Sánchez Iñiguez, D. José Antonio Somoza Enjamio, D. José Luís Rivas Cruz e Dna. Ana María Aguión Sandá, manifestando que non lle parece unha actitude moi democrática, unha actitude absolutamente intolerable.

A Alcaldía - Presidencia manifesta que polo que se pode ver os grupos municipais do BNG e PSOE non deberon de ler o novo Regulamento Municipal do Concello de Boimorto e ese debe ser o motivo do seu enfado.

Non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía - Presidencia, levántase a sesión, sendo as 14:24 horas, do día 27 de Decembro de 2019, da que se estende a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Boimorto, 27 de decembro de 2019.

| | |
|--|---|
| <p>A alcaldesa.</p>  <p>Asdo.- María Jesús Novo Gómez</p> | <p>O Secretario</p>  <p>CONCELLO DE BOIMORTO O Secretario,</p> <p>Asdo. Jorge Boado Fernández Asdo.: Jorge Boado Fernández Núm. 44811721/35/A/3015</p> |
|--|---|